

XIII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño

A Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña (UDC), dependente da Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade, convoca o XIII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño, co obxecto de incentivar a realización de traballos que inclúan a perspectiva de xénero por parte do alumnado de grao e mestrado e contribuír deste xeito, a promover a introdución da perspectiva de xénero na investigación e na docencia.

BASES DO CONCURSO

PARTICIPANTES

Poderán presentarse os traballos de fin de grao (TFG) e de fin de mestrado (TFM) defendidos no curso 2024/25 en calquera das titulacións oficiais de grao e mestrado impartidas na UDC.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A documentación entregárase preferentemente a través do rexistro electrónico cubrindo o formulario na seguinte ligazón:

https://sede.udc.gal/services/telematic_register

Esta solicitude dirixirase a Servizos - Oficina para a Igualdade de Xénero (seleccionando estas opcións no apartado **Destinado a*** do formulario), para o que se precisa dispoñer dun certificado electrónico emitido pola FNMT. **Tamén poderán presentarse presencialmente en calquera dos seguintes rexistros da UDC:**

- a) Rregistro Xeral: Reitoría, rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña.
- b) RregistroAuxiliar de Ferrol: Edificio de Apoyo ao Estudo, Avenida de Vigo s/n, Campus de Esteiro, 15403 Ferrol.

Non se admitirán as solicitudes realizadas a través de correo electrónico.

Se a solicitude non cumple todos os requisitos documentais, requiriráselle á persoa interesada para que, nun prazo de cinco días, emende os errores ou deficiencias que se detecten, de conformidade co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Considerarase que desiste da solicitude quen non responda en prazo ao devandito requerimento. Para os efectos de requerimento e notificación, a comunicación por correo electrónico considerarase válida, de acordo co artigo 41 da devandita lei.

A UDC resérvase o dereito de poder esixirlle ás persoas seleccionadas aqueles documentos que estime oportunos para acreditar a súa vinculación con ela.

Recoméndase presentar os traballos en idioma galego, lingua propia da UDC, que tal como establece o artigo 5.2 dos seus estatutos, constitúe o seu vehículo normal de expresión,

debendo fomentarse o seu uso en todas as actividades da universidade.

Permitiranse realizar modificacións no traballo tales como cambios na forma de citación, adaptacións ou adendas respecto á versión orixinal depositada no centro de estudos.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC **ata o 15 de outubro de 2025**.

As listaxes de admisión provisional e definitiva de participación no concurso publicaranse no dito taboleiro, ao que se pode acceder a través da seguinte ligazón:

https://sede.udc.gal/services/electronic_board

DOCUMENTACIÓN QUE SE DEBERÁ PRESENTAR

- a) O modelo de solicitud, que se inclúa como **Anexo 1**, debidamente cuberto. Achegarase nel a ligazón a un cartafol que conterá os seguintes arquivos:
 - Documento íntegro do TFG ou TFM que se presenta ao concurso. O ficheiro deberá nomearse <TFG-apelido1-apellido2> ou <TFM-apellido1-apellido2> segundo corresponda.
 - Un resumo do traballo realizado (entre 1500 e 3000 palabras) en que se describan os obxectivos do traballo, metodoloxía e conclusións así como a forma en que se introduciu a perspectiva de xénero no traballo presentado. Nome do ficheiro: <Res-TFG-apellido1- apellido2> ou <Res-TFM-apellido1-apellido2>, tamén segundo corresponda.
 - Copia do DNI escaneado.
- b) O consentimiento para a obtención de datos persoais, captación e difusión de imaxes, que se inclúa como Anexo 2, debidamente cuberto e asinado.

No caso de que a solicitud de participación non se presente a través da sede electrónica, además da presentación da solicitud por rexistro, é necesario que a persoa participante envíe un correo a oficina.igualdade@udc.gal indicando os datos persoais e os arquivos esixidos como adxuntos, ou compartindo ligazón á plataforma One Drive ou similar (marcando a opción “calquera persoa” que teña o vínculo/Aplicar/Copiar/Vínculo).

NATUREZA E CONTÍA DOS PREMIOS

Para a concesión destes premios destinárase un total de 5.000 € con cargo á partida orzamentaria 1806240973 321A 6400008

O xurado seleccionará os dous mellores TFM entre todos os presentados, e os dous mellores TFG de cada unha das seguintes áreas:

- a) Artes e Humanidades.
- b) Ciencias e Ciencias da Saúde.
- c) Ciencias Sociais e Xurídicas.
- d) Enxeñaría e Arquitectura.

Teranse en conta, entre outros aspectos, a relevancia e a orixinalidade da súa temática e das súas achegas, a calidade do traballo e a dificultade da súa realización, e os criterios relativos á perspectiva de xénero.

As contías dos premios serán as seguintes:

a) TFG por cada área:

- 1.º premio, 800€ e diploma acreditativo;
- 2.º premio, 200€, e diploma acreditativo.

b) TFM:

- 1.º premio, 800 € e diploma acreditativo;
- 2.º premio, 200€, e diploma acreditativo.

Os premios están suxeitos á normativa que regula o imposto das persoas físicas e aplicárselles as retencíons de IRPF que procedan, o que pode diminuír a contía final que se perciba. Se o xurado o estima conveniente, poderá deixar algúns ou todos os premios desertos. No primeiro caso, a dotación correspondente poderá acrecentar as restantes categorías.

O xurado encargado da selección dos traballos premiados estará composto polas seguintes persoas:

-Presidenta: Cristina López Villar, vicerreitora de Igualdade e Diversidade ou a persoa en quien delegue, PDI da UDC.

-Secretaria: Ana M.^a Neira Pena, directora da Oficina para a Igualdade de Xénero, PDI da UDC.

Vogais titulares:

- M.^a José Abad López, PDI da UDC.
- Asunción López Arranz, PDI da UDC.
- Laura M. Castro Souto, PDI da UDC.
- Mar Rodríguez Romero, PDI da UDC.
- Rosario Mascato Rey, PDI da UDC.

Vogais suplentes:

- Zeltia Naia Entonado, PDI da UDC.
- Montserrat Golías Pérez, PDI da UDC.
- Ana Sánchez Bello, PDI da UDC.
- Emma López Bahut, PDI da UDC.

A secretaria actuará con voz pero sen voto. No caso de que algunha das persoas nomeadas como vogais titulares non puidese participar no xurado por dirixir ou titorizar calquera dos traballos que se presenten ao concurso, ocuparía o seu posto algunha das persoas nomeadas como vogais suplentes.

O xurado resolverá todas as cuestións non reflectidas nesta convocatoria e que puidesen

suscitarse. A súa decisión será firme e inapelable.

No caso de que a especificidade temática dos traballos o esixa, poderanse nomear persoas expertas que asesoren o xurado.

A resolución do xurado publicarase no taboleiro da sede electrónica da UDC:

https://sede.udc.gal/services/electronic_board

A participación no XIII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño comporta a aceptación expresa do contido destas bases.

PROTECCIÓN DE DATOS

As persoas candidatas deben asinar e entregar, xunto coa súa solicitude, o documento incluído como **Anexo 2**, de consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes.

Anexo 1. Solicitud de participación no XIII Concurso de Traballoos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño

Nome:

.....

Apelidos:

.....

DNI:

Correo electrónico:

.....

Teléfono de contacto:

Enderezo postal:

.....

.....

Modalidade: Traballo de fin de grao Traballo de fin de mestrado

Área temática:

.....

Ligazón ao ficheiro onde se atopa a obra presentada ao concurso:

.....

Nota: recomendase compartir o arquivo mediante OneDrive. En OneDrive, prémese co botón derecho sobre o ficheiro que se desexa compartir, selecciónase **Compartir** e, acto seguido, márcase a opción **calquera persoa que teña o vínculo/APLICAR/Copiar/Vínculo**.

Titulación:

.....

Título do traballo:

.....

Data de defensa:

Cualificación obtida:

Titor/a ou director/a do traballo:

.....

....., de de 2025

Asinado:

Anexo 2. Consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes.

En virtude do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, informámolo/a de que os datos que nos facilite serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son os seguintes: rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

Mediante a sinatura deste documento, autoriza a UDC á **captación de imaxes e/ou voz (fotografías e vídeos) con motivo da participación no acto de entrega do premio do XIII Concurso de Traballos Académicos con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño**. Así mesmo:

- a) Autoriza a utilizar os datos tomados en calquera das contas oficiais das redes sociais da UDC, na súa páxina web, informes internos ou calquera publicación que esta entidade edite ou publique;
- b) Autoriza a que os seus datos sexan cedidos ou comunicados aos seguintes destinatarios: **medios de comunicación locais, autonómicos e nacionais (prensa escrita/dixital, TV e radio)**.

Os datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumplir coa citada finalidade e serán conservados durante un período de seis anos.

En calquera caso, a persoa interesada terá dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a oponerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Así mesmo, terá dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

Tales dereitos poderanse exercer dalgunha das seguintes formas:

- a) Principalmente, a través do Formulario para o ejercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais que se pode cubrir desde a Sede Electrónica da UDC, no apartado "Outros trámites".
- b) Mediante unha solicitude dirixida á persoa responsable de tratamiento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), enviada por correo postal ao endereço: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña, ou ben por correo electrónico ao [enderezo rpd@udc.gal](mailto:enderezo_rpd@udc.gal). Tamén poderá presentarse esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.
- c) Mediante unha solicitude dirixida á delegada de protección de datos da UDC, ao mesmo endereço postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, a persoa interesada terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Nome e sinatura da persoa que autoriza (candidato/a):

Lugar e data: